Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- Técnica: interpretación de escalas e exercicios técnicos seleccionados polo profesor/a de entre os programados como mínimos esixibles do curso correspondente na programación.
- Estudos: interpretación de 2 estudos por avaliación seleccionados polo profesor/a de entre os programados como mínimos esixibles do curso correspondente na programación.
- Obras: interpretación dunha obra por avaliación (de diferentes estilos no caso de ser máis de unha) seleccionadas polo alumnado de entre as programadas dentro do apartado “recursos didácticos” do curso correspondente na programación. Na medida das posibilidades o alumno/a deberá tocar con pianista acompañante se as obras así o requiren.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- Continuidade, seguridade e limpeza na execución; execución de exercicios e obras sen pausas, sen erros e con seguridade no discurso musical: 25%





- Calidade do son e estabilidade na afinación: 25%
- Precisión rítmica e amplitude dinámica: 25%
- Musicalidade; execución estilística coherente e capacidade expresiva: 25%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

Nas probas extraordinarias de setembro o alumno/a deberá interpretar:

- Dúas escalas indicadas polo profesor/a/tribunal e exercicios técnicos. O profesor/a/tribunal indicará tamén a velocidade e articulación, de entre as pertencentes ás tonalidades do curso.
- Dous estudos/exercicios indicados polo tribunal de entre os programados para o curso.
- Tres obras/pezas de diferentes estilos escollidas polo alumno/a de entre as programadas dentro do apartado “recursos didácticos” do curso, unha delas de memoria. Na medida das posibilidades o alumno/a deberá tocar con pianista acompañante se as obras así o requiren.

Os criterios de cualificación desta proba serán os seguintes:

- Continuidade, seguridade e limpeza na execución; execución de exercicios e obras sen pausas, sen erros e con seguridade no discurso musical: 25%
- Calidade do son e estabilidade na afinación: 25%
- Precisión rítmica e amplitude dinámica: 25%
- Musicalidade; execución estilística coherente e capacidade expresiva: 25%

6.8.7 Recursos didácticos

- **Técnica:**

- L. Bleuzet. La technique du hautbois. Escala cromática con distintas articulacións, ritmos e dinámicas. Escalas, arpejos e intervalos, con diferentes articulacións e dinámicas ata o fa# sobreagudo e de memoria. (Ata 5 alteracións).





- Diferentes exercicios para traballar vibrato, stacatto, soporte, columna de aire, notas sobreagudas ...

• **Estudios:**

- Luft (13-25)
- Salviani, Vol. IV (10-18).
- Giampieri. 16 estudos diarios de perfeccionamiento (9-16).
- H. Brod. Estudos Vol. II (11-20).
- E. Singer, vol 3º (estudios do 1 ó 13).
- W. Ferling, 48 Estudos melódicos (13-24).

• **Obras:** Deberanse interpretar polo menos tres obras de distintos estilos.

- A. Vivaldi. Concerto en La m.
- G. F. Händel. Concerto en Sol m.
- C.P.E. Bach. Sonata en Sol m.
- K. Stamitz. Concierto en Sib M.
- C. Colin. Primer solo de concurso.
- P.Hindemith. Sonata en Sol.
- H. Büsser. Églogue
- N. Rimsky-Korsakov. Variacións sobre un tema de Glinka.

6.9 Curso: 5º DE GRAO PROFESIONAL

6.9.1 Obxectivos

- Perfeccionar a elasticidade e o mecanismo para lograr unha mellor interpretación.





- Mellorar o control da dosificación do aire.
- Iniciar a respiración circular e dobre picado.
- Afondar na interpretación da música das diferentes épocas e estilos.
- Ampliar o repertorio da música orquestral.
- Perfeccionar a técnica do raspado da cana progresivamente ata o seu acabado final de acordo ó nivel esixible.
- Seleccionar tubos para a elaboración de palas.

6.9.2 Contidos

- Práctica de exercicios combinados de elasticidade e mecanismo.
- Exercicios para traballar o control da dosificación do aire.
- Práctica de exercicios de respiración circular: sen cana, con cana e con instrumento.
- Práctica de exercicios para o control dos movementos da lingua no dobre picado.
- Estudio do repertorio solista e orquestral de diferentes épocas e estilos de dificultade acorde ó nivel.
- Iniciación do estudo do corno inglés mediante exercicios técnicos e a interpretación dunha obra.
- Adquisición dos coñecementos necesarios para a boa selección de tubos.

6.9.3 Avaliación

Criterios de avaliación

O/a alumno/a deberá mostrar tanto nos estudos como nas obras programadas:

- Homoxeneidade do son ó cambiar de rexistros e dinámica.
- Cambios de timbre.
- Fluidez no mecanismo.
- Sensibilidade artística e claro coñecemento na interpretación dos diferentes estilos.





Mínimos esixibles

No referente ás obras deberanse interpretar polo menos tres de distintos estilos, unha delas de memoria, e os mínimos esixibles correspondentes a cada avaliación son seguintes:

	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
TÉCNICA	BLEUZET: ESCALAS E ARPEXOS E INTERVALOS ata 4 alteraciós CROMÁTICA	BLEUZET: ESCALAS E ARPEXOS E INTERVALOS 5 e 6 alteraciós CROMÁTICA	BLEUZET: ESCALAS E ARPEXOS E INTERVALOS ata 6 alteraciós CROMÁTICA
ESTUDOS	CROZOLLI (1) PASCULLI (1 - 3) FERLING (25 - 28)	CROZOLLI (2) PASCULLI (4 - 6) FERLING (29 - 32)	CROZOLLI (3) PASCULLI (7 - 9) FERLING (33 - 36)
OBRAS	1 OBRA	1 OBRA	1 OBRA

* Os exercicios mínimos de Bleuzet interpretaranse de memoria cunha velocidade mínima de negra=100 e serán os seguintes (variando as tonalidades adxudicadas a cada avaliación e chegando ata o sol sobreagudo nos exercicios que corresponda):

- Cromática: Exercicio 27 (vol II)
- Exercicios técnicos de intervalos: 1, 2 (vol I)
- Exercicios de terceiras, cuartas e quintas maiores e menores, oitavas: exercicios 17 e 22 e páxinas 22 e 23 (vol II)
- Arpexos: exercicio 43 (vol III)

Procedementos e ferramentas de avaliación

A información que proporciona a avaliación é útil para ver se alcanzamos os obxectivos propostos, e en función disto, para rectificar e actualizar constantemente as dificultades que presente o/a alumno/a, tanto no proceso de ensino-aprendizaxe coma na súa programación. A avaliación será:

- **Inicial:** Permitiranos saber os coñecementos previos do alumno/a sobre o tema para adecuar o desenvolvemento da materia ao seu nivel.





- **Continua:** Permítenos un control e seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto á planificación inicial.

- **Sumativa ou final:** Consiste en comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais e permitíranos coñecer se os/as alumnos/as alcanzaron os obxectivos propostos inicialmente.

Así mesmo debemos fomentar que o/a alumno/a participe no proceso de avaliación a través da auto-avaliación e a co-avaliación para impulsar a autonomía do alumnado, a súa implicación responsable e a elaboración de xuízo e criterio.

Deste xeito previamente realizarase unha avaliación inicial do/da alumno/a para coñecer o nivel de partida dende o cal comeza a súa aprendizaxe. Durante todo o curso farase unha avaliación continua do/da alumno/a mediante a observación sistemática das actividades deseñadas para o seu desenvolvemento na aula. Desta forma, as mesmas tarefas son á vez actividades de avaliación. Por último concluírase cunha avaliación final resultado do traballo do/da alumno/a durante todo o curso, baseándose nos obxectivos conseguidos.

As ferramentas de avaliación que se utilizarán serán as seguintes:

Traballo persoal diario: a observación sistemática clase a clase e o primeiro e mellor procedemento para acadar información fiable acerca do progreso do alumnado. Avaliaranse os exercicios de técnica, estudos e obras interpretadas polo alumno/a así como a súa actitude fronte a consecución dos obxectivos programados, ensaios con piano, ensaios en grupo das clases colectivas e elaboración de canas.

Rexistro semanal: faranse anotacións semanais dos progresos que vaia alcanzando o/a alumno/a, das posibles dificultades que atope e daqueles puntos nos que necesite un maior apoio, tamén se tomará nota da asistencia do alumno/a e de aquelas cuestións que se considere oportunas (circunstancias familiares do alumno especiais, lesións ou enfermidades que o/a alumno/a puidera ter, compra de novo instrumento, etc.).

Actitudes cara a materia e o traballo en grupo: curiosidade e creatividade. Constancia e





flexibilidade. Comportamento respectuoso na aula e actitude positiva ante a materia. Reflexión sobre as súas ideas e actuacións, revisando, analizando e explicando.

Probas prácticas: de carácter obrigatorio, terán una periodicidade trimestral e consistirán na interpretación dos exercicios técnicos e de 2 estudos escollidos de entre os programados como mínimos para cada trimestre.

Audicións: ademais de valoralos coñecementos, axudan a comprobar como se desenrolo alumnado nunha situación na cal pode haber oíntes, xa sexa como público ou como tribunal. As audicións da especialidade son de obrigatoria asistencia, poderán ter unha periodicidade trimestral onde os alumnos/as interpretarán obras e estudos da programación con acompañamento de piano se así se require.

6.9.4 Criterios de cualificación

Ó ser unha ensinanza individual, de réxime especial e dependente do ritmo de aprendizaxe do alumno/a os criterios de cualificación deberán basearse no cumprimento dos mínimos esixibles a través de:

- *Continuidade, seguridade e limpeza na execución; execución de exercicios e obras sen pausas, sen erros e con seguridade no discurso musical. 30%
- *Calidade do son, estabilidade na afinación, precisión rítmica e amplitude dinámica. 30%
- *Musicalidade; execución estilística coherente e capacidade expresiva. 25%
- * Bo comportamento (respecto a profesorado e alumnado, compañeirismo, tolerancia á diversidade), grao de interese, esforzo, constancia no traballo e participación nas actividades culturais e de promoción das ensinanzas reflectidas na programación. 15%

Os instrumentos de avaliación establecidos serán: rexistro semanal do traballo na aula, probas prácticas e audicións.

Será obrigatorio a participación en tódalas audicións programadas no curso. A ponderación do valor das audicións sobre a cualificación final será do 10%. A audición será cualificada en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.





Será obrigatoria tamén a participación en tódalas probas prácticas programadas no curso. A ponderación do valor das probas prácticas sobre a cualificación final será do 10%. As probas prácticas serán cualificados en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.

A ponderación do valor das anotacións do rexistro semanal sobre a cualificación final será do 80%. Esta cualificación será adxudicada en virtude do grao de cumprimento dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.

6.9.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web:

<https://www.conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos>

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que constará na interpretación de:

- Dúas escalas indicadas polo profesor/a/tribunal e exercicios técnicos. O profesor/a/tribunal indicará tamén a velocidade e articulación, de entre as pertencentes ás tonalidades do curso.
- Dous estudos/exercicios indicados polo tribunal de entre os programados para o curso.
- Tres obras/pezas de diferentes estilos escollidas polo alumno/a de entre as programadas dentro do apartado “recursos didácticos” do curso, unha delas de memoria.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.





6.9.6 Medidas de recuperación

As actividades de recuperación están pensadas fundamentalmente para aqueles/as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, neste caso pódense aplicar as seguintes medidas:

- Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo persoal.
- Actividades menos complexas para que asimilen mellor os conceptos.
- Énfase no valor funcional dos logros adquiridos co aprendido.
- Utilización doutros medios para presentarlle os contidos.

As actividades de reforzo están pensadas fundamentalmente para aqueles/as alumnos/as que alcancen os obxectivos con moita máis rapidez que o resto, a estas/as alumnos/as proporíaselles:

- Afondar nos conceptos tratados.
- Estudos e obras de maior complexidade.
- Fomentar a súa participación en todas aquelas actividades organizadas no centro ou fóra do mesmo que poidan resultar beneficiosas para o seu maior progreso (cursiños, probas a orquestras de estudantes, concertos....)

Procedementos de recuperación ordinarios

Ao tratase dunha avaliación continúa a recuperación faise ao longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un/a alumno/a teña pendente a materia de óboe, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Ó tratarse dunha avaliación continua, as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que esteaan pendentes de recuperación. Así mesmo o plan de traballo para a superación da materia pendente consistirá na realización de exercicios, estudos e obras específicas encamiñadas á superación dos contidos correspondentes.





Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible:

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- **Técnica:** interpretación de escalas e exercicios técnicos seleccionados polo profesor/a de entre os programados como mínimos esixibles do curso correspondente na programación.
- **Estudos:** interpretación de 2 estudos por avaliación seleccionados polo profesor/a de entre os programados como mínimos esixibles do curso correspondente na programación.
- **Obras:** interpretación dunha obra por avaliación (de diferentes estilos no caso de ser máis de unha) seleccionadas polo alumnado de entre as programadas dentro do apartado “recursos didácticos” do curso correspondente na programación. Na medida das posibilidades o alumno/a deberá tocar con pianista acompañante se as obras así o requiren.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- Continuidade, seguridade e limpeza na execución; execución de exercicios e obras sen pausas, sen erros e con seguridade no discurso musical: 25%
- Calidade do son e estabilidade na afinación: 25%
- Precisión rítmica e amplitude dinámica: 25%
- Musicalidade; execución estilística coherente e capacidade expresiva: 25%





A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

Nas probas extraordinarias de setembro o alumno/a deberá interpretar:

- Dúas escalas indicadas polo profesor/a/tribunal e exercicios técnicos. O profesor/a/tribunal indicará tamén a velocidade e articulación, de entre as pertencentes ás tonalidades do curso.
- Dous estudos/exercicios indicados polo tribunal de entre os programados para o curso.
- Tres obras/pezas de diferentes estilos escollidas polo alumno/a de entre as programadas dentro do apartado “recursos didácticos” do curso, unha delas de memoria. Na medida das posibilidades o alumno/a deberá tocar con pianista acompañante se as obras así o requiren.

Os criterios de cualificación desta proba serán os seguintes:

- Continuidade, seguridade e limpeza na execución; execución de exercicios e obras sen pausas, sen erros e con seguridade no discurso musical: 25%
- Calidade do son e estabilidade na afinación: 25%
- Precisión rítmica e amplitude dinámica: 25%
- Musicalidade; execución estilística coherente e capacidade expresiva: 25%

6.9.7 Recursos didácticos

- **Técnica:**

- L. Bleuzet. La technique du hautbois. Escala cromática con distintas articulacións, ritmos e dinámicas. Escalas, arpejos e intervalos, con diferentes articulacións e dinámicas ata o sol sobreagudo e de memoria. (Ata 6 alteracións).

- Diferentes exercicios para traballar vibrato, staccato, soporte, columna de aire, notas sobreagudas ...

- **Estudios:**





- E. Singer, vol 3º. (1-15).
- Pasculli. 15 Capricci a guisa di study (1-9)
- H.M.R. Barret. 16 Grandes estudios. (1-8).
- W. Ferling, 48 Estudios melódicos (25-36).
- Crozzoli, 12 Estudios polirrítmicos (1-6).
- Varios (Ed. Peters). Orchestear probespiel.
- **Obras:** Deberanse interpretar polo menos tres obras de distintos estilos.
- J. S. Bach. Concerto en Fa M.
- A. Vivaldi. Concerto en Fa M.
- P. Telemann. 12 Fantasías (2).
- W. A. Mozart. Cuarteto en Fa M.
- L. A. Lebrun. Concerto nº 1 en Re M.
- J. Haydn. Concerto en Do M.
- R. Schumann. Tres romanzas.
- C. Saint-Saëns. Sonata op. 166.
- F. Poulenc. Sonata para óboe e piano.
- A. Reicha. Recitativo e Rondó (corno e piano)

6.10 Curso: 6º DE GRAO PROFESIONAL

6.10.1 Obxectivos

- Perfeccionar a elasticidade e o mecanismo para lograr unha mellor interpretación.





- Mellorar o control da dosificación do aire.
- Iniciar a respiración circular e dobre picado.
- Afondar na interpretación da música das diferentes épocas e estilos.
- Perfeccionar a técnica do raspado da cana progresivamente ata o seu acabado final de acordo ó nivel esixible.
- Ampliar o repertorio da música orquestral.
- Seleccionar tubos para a elaboración de palas.
- Preparar a Proba de Acceso ó Grao Superior.

6.10.2 Contidos

- Práctica de exercicios combinados de elasticidade e mecanismo.
- Exercicios para traballar o control da dosificación do aire.
- Práctica de exercicios de respiración circular: sen cana, con cana e con instrumento.
- Práctica de exercicios para o control dos movementos da lingua no dobre picado.
- Estudio do repertorio solista e orquestral de diferentes épocas e estilos de dificultade acorde ó nivel.
- Iniciación do estudo do corno inglés mediante exercicios técnicos e a interpretación dunha obra.
- Adquisición dos coñecementos necesarios para a boa selección de tubos.

6.10.3 Avaliación

Criterios de avaliación

O/a alumno/a deberá mostrar tanto nos estudos como nas obras programadas:

- Homoxeneidade do son ó cambiar de rexistros e dinámica.
- Cambios de timbre.
- Fluidez no mecanismo.
- Sensibilidade artística e claro coñecemento na interpretación dos diferentes estilos.





Mínimos esixibles

No referente ás obras deberanse interpretar polo menos tres de distintos estilos, unha delas de memoria, e os mínimos esixibles correspondentes a cada avaliación son seguintes:

	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
TÉCNICA	BLEUZET: ESCALAS E ARPEXOS E INTERVALOS ata 4 alteracións CROMÁTICA	BLEUZET: ESCALAS E ARPEXOS E INTERVALOS 5 e 6 alteracións CROMÁTICA	BLEUZET: ESCALAS E ARPEXOS E INTERVALOS ata 6 alteracións CROMÁTICA
ESTUDOS	GILLET (1 e 10) PASCULLI (10 - 11) FERLING (37 - 40)	GILLET (2 e 17) PASCULLI (12 - 13) FERLING (41 - 44)	GILLET (4 e 22) PASCULLI (14 - 15) FERLING (45 - 48)
OBRAS	1 OBRA	1 OBRA	1 OBRA

* Os exercicios mínimos de Bleuzet interpretaranse de memoria cunha velocidade mínima de negra=120 e serán os seguintes (variando as tonalidades adxudicadas a cada avaliación e chegando ata o sol sobreagudo nos exercicios que corresponda):

- Cromática: Exercicio 27 (vol II)
- Exercicios técnicos de intervalos: 1, 2 (vol I)
- Exercicios de terceiras, cuartas e quintas maiores e menores, oitavas: exercicios 17 e 22 e páxinas 22 e 23 (vol II)
- Arpexos: exercicio 43 (vol III)

Procedementos e ferramentas de avaliación

A información que proporciona a avaliación é útil para ver se alcanzamos os obxectivos propostos, e en función disto, para rectificar e actualizar constantemente as dificultades que presente o/a alumno/a, tanto no proceso de ensino-aprendizaxe coma na súa programación. A avaliación será:

- **Inicial:** Permitiranos saber os coñecementos previos do alumno/a sobre o tema para adecuar o desenvolvemento da materia ao seu nivel.





- **Continua:** Permítenos un control e seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto á planificación inicial.

- **Sumativa ou final:** Consiste en comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais e permitíranos coñecer se os/as alumnos/as alcanzaron os obxectivos propostos inicialmente.

Así mesmo debemos fomentar que o/a alumno/a participe no proceso de avaliación a través da auto-avaliación e a co-avaliación para impulsar a autonomía do alumnado, a súa implicación responsable e a elaboración de xuízo e criterio.

Deste xeito previamente realizarase unha avaliación inicial do/da alumno/a para coñecer o nivel de partida dende o cal comeza a súa aprendizaxe. Durante todo o curso farase unha avaliación continua do/da alumno/a mediante a observación sistemática das actividades deseñadas para o seu desenvolvemento na aula. Desta forma, as mesmas tarefas son á vez actividades de avaliación. Por último concluirase cunha avaliación final resultado do traballo do/da alumno/a durante todo o curso, baseándose nos obxectivos conseguidos.

As ferramentas de avaliación que se utilizarán serán as seguintes:

Traballo persoal diario: a observación sistemática clase a clase e o primeiro e mellor procedemento para acadar información fiable acerca do progreso do alumnado. Avaliaranse os exercicios de técnica, estudos e obras interpretadas polo alumno/a así como a súa actitude fronte a consecución dos obxectivos programados, ensaios con piano, ensaios en grupo das clases colectivas e elaboración de canas.

Rexistro semanal: faranse anotacións semanais dos progresos que vaia alcanzando o/a alumno/a, das posibles dificultades que atope e daqueles puntos nos que necesite un maior apoio, tamén se tomará nota da asistencia do alumno/a e de aquelas cuestións que se considere oportunas (circunstancias familiares do alumno especiais, lesións ou enfermidades que o/a alumno/a puidera ter, compra de novo instrumento, etc.).

Actitudes cara a materia e o traballo en grupo: curiosidade e creatividade. Constancia e





flexibilidade. Comportamento respectuoso na aula e actitude positiva ante a materia. Reflexión sobre as súas ideas e actuacións, revisando, analizando e explicando.

Probas prácticas: de carácter obrigatorio, terán una periodicidade trimestral e consistirán na interpretación dos exercicios técnicos e de 2 estudos escollidos de entre os programados como mínimos para cada trimestre.

Audicións: ademais de valoralos coñecementos, axudan a comprobar como se desenvolve o alumnado nunha situación na cal pode haber oíntes, xa sexa como público ou como tribunal. As audicións da especialidade son de obrigatoria asistencia, poderán ter unha periodicidade trimestral onde os alumnos/as interpretarán obras e estudos da programación con acompañamento de piano se así se require.

6.10.4 Criterios de cualificación

Ó ser unha ensinanza individual, de réxime especial e dependente do ritmo de aprendizaxe do alumno/a os criterios de cualificación deberán basearse no cumprimento dos mínimos esixibles a través de:

- *Continuidade, seguridade e limpeza na execución; execución de exercicios e obras sen pausas, sen erros e con seguridade no discurso musical. 30%
- *Calidade do son, estabilidade na afinación, precisión rítmica e amplitude dinámica. 30%
- *Musicalidade; execución estilística coherente e capacidade expresiva. 25%
- * Bo comportamento (respecto a profesorado e alumnado, compañeirismo, tolerancia á diversidade), grao de interese, esforzo, constancia no traballo e participación nas actividades culturais e de promoción das ensinanzas reflectidas na programación. 15%

Os instrumentos de avaliación establecidos serán: rexistro semanal do traballo na aula, probas prácticas e audicións.

Será obrigatorio a participación en tódalas audicións programadas no curso. A ponderación do valor das audicións sobre a cualificación final será do 10%. A audición será cualificada en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.





Será obrigatoria tamén a participación en tódalas probas prácticas programadas no curso. A ponderación do valor das probas prácticas sobre a cualificación final será do 10%. As probas prácticas serán cualificadas en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.

A ponderación do valor das anotacións do rexistro semanal sobre a cualificación final será do 80%. Esta cualificación será adxudicada en virtude do grao de cumprimento dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso.

6.10.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Neste curso non procede ampliación de matrícula posto que é o último curso do grao profesional de música. O alumnado debe superar una proba de acceso para pasar ó grao superior das ensinanzas musicais.

6.10.6 Medidas de recuperación

As actividades de recuperación están pensadas fundamentalmente para aqueles/as alumnos/as que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe, neste caso pódense aplicar as seguintes medidas:

- Reforzo das explicacións de conceptos fundamentais e de técnicas de traballo persoal.
- Actividades menos complexas para que asimilen mellor os conceptos.
- Énfase no valor funcional dos logros adquiridos co aprendido.
- Utilización doutros medios para presentarlle os contidos.

As actividades de reforzo están pensadas fundamentalmente para aqueles/as alumnos/as que alcancen os obxectivos con moita máis rapidez que o resto, a estas/as alumnos/as proporíaselles:

- Afondar nos conceptos tratados.
- Estudos e obras de maior complexidade.
- Fomentar a súa participación en todas aquelas actividades organizadas no centro ou fóra do mesmo que poidan resultar beneficiosas para o seu maior progreso (cursos, probas a orquestras de estudantes, concertos....)





Procedementos de recuperación ordinarios

Ao tratarse dunha avaliación continúa a recuperación faise ao longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo deste modo a propia actividade como instrumento de avaliación.

No caso de que un/a alumno/a teña pendente a materia de óboe, deberá recuperala no presente curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se alcancen os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

Ó tratarse dunha avaliación continua, as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que esteaan pendentes de recuperación. Así mesmo o plan de traballo para a superación da materia pendente consistirá na realización de exercicios, estudos e obras específicas encamiñadas á superación dos contidos correspondentes.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible:

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- Técnica: interpretación de escalas e exercicios técnicos seleccionados polo profesor/a de entre os programados como mínimos esixibles do curso correspondente na programación.





- Estudos: interpretación de 2 estudos por avaliación seleccionados polo profesor/a de entre os programados como mínimos esixibles do curso correspondente na programación.
- Obras: interpretación dunha obra por avaliación (de diferentes estilos no caso de ser máis de unha) seleccionadas polo alumnado de entre as programadas dentro do apartado “recursos didácticos” do curso correspondente na programación. Na medida das posibilidades o alumno/a deberá tocar con pianista acompañante se as obras así o requiren.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- Continuidade, seguridade e limpeza na execución; execución de exercicios e obras sen pausas, sen erros e con seguridade no discurso musical: 25%
- Calidade do son e estabilidade na afinación: 25%
- Precisión rítmica e amplitude dinámica: 25%
- Musicalidade; execución estilística coherente e capacidade expresiva: 25%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

Nas probas extraordinarias de setembro o alumno/a deberá interpretar:

- Dúas escalas indicadas polo profesor/a/tribunal e exercicios técnicos. O profesor/a/tribunal indicará tamén a velocidade e articulación, de entre as pertencentes ás tonalidades do curso.
- Dous estudos/exercicios indicados polo tribunal de entre os programados para o curso.
- Tres obras/pezas de diferentes estilos escollidas polo alumno/a de entre as programadas dentro do apartado “recursos didácticos” do curso, unha delas de memoria. Na medida das posibilidades o alumno/a deberá tocar con pianista acompañante se as obras así o requiren.

Os criterios de cualificación desta proba serán os seguintes:



- Continuidade, seguridade e limpeza na execución; execución de exercicios e obras sen pausas, sen erros e con seguridade no discurso musical: 25%
- Calidade do son e estabilidade na afinación: 25%
- Precisión rítmica e amplitude dinámica: 25%
- Musicalidade; execución estilística coherente e capacidade expresiva: 25%

6.10.7 Recursos didácticos

- **Técnica:**

- L. Bleuzet. La technique du hautbois. Escala cromática con distintas articulacións, ritmos e dinámicas. Escalas, arpejos e intervalos, con diferentes articulacións e dinámicas ata o sol sobreagudo e de memoria. (Ata 6 alteracións).

- Diferentes exercicios para traballar vibrato, stacatto, soporte, columna de aire, notas sobreagudas ...

- **Estudios:**

- E. Singer, vol 3º. (16-30).

- Pasculli. 15 Capricci a guisa di study (10-15)

- H.M.R. Barret. 16 Grandes estudios. (9-16).

- W. Ferling. 48 Estudios melódicos (37-48).

- Crozzoli, 12 Estudios polirrítmicos (7-12).

- Gillet, Estudios para a ensinanza superior do óboe

- Varios (Ed. Peters).Orchestear probenspiel





- **Obras:** Deberanse interpretar polo menos tres obras de distintos estilos.
- P. Telemann. 12 Fantasías.
- J. S. Bach. Sonata en Sol m BWV 1020
- J. S. Bach. Sonata en Sol m BWV 1030b
- A. Vivaldi. Sonata en Sol m.
- W. A. Mozart. Concerto en Do M.
- F. Kramar-Krommer. Concerto en Fa.
- R. Schumann. Tres romanzas.
- A. Ponchielli. Capriccio.
- Kalliwoda. Morceau de salon.
- E. Bozza. Fantasía pastoral.
- C. Saint-Saëns. Sonata op. 166.
- G. Donizetti Concertino para corno e piano.
- Six metamorphoses after Ovid. Op.49
- R. Schumann. Adagio y Allegro
- R. Vaughan Williams. Concerto.
- F. Poulenc. Sonata para óboe e piano.





7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

A programación didáctica constará dunha avaliación continua por parte do profesorado da especialidade de óboe rexistrando as posibles incidencias e variacións na mesma no caso de presentarse. Ademais nas reunións do departamento de vento-madeira levarase a cabo un seguimento das programacións co mesmo fin.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Nas reunións do departamento de vento madeira se acordarán as medidas oportunas de avaliación necesarias para o correcto funcionamento do mesmo.





9. ANEXOS

9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

9.1.1 Contidos

Na proba de acceso interpretaranse de tres obras de diferentes estilos, unha delas de memoria (ou un movemento, se ten varios). Será obrigatorio levar as partituras orixinais ademais dun mínimo de dúas copias da parte de piano (se a obra leva acompañamento de piano) para o tribunal. Ademais tamén será obrigatorio que o alumno/a leve o seu propio pianista acompañante se as obras así o requiren.

O listado de obras orientativas a interpretar son as seguintes:

- G.F. Händel.....Aria e Rondó.
- Corelli-barbirolli.....Concerto en Fa M.
- C. Franck.....Peza V
- Alec Rowley.....Pavana e Danza.
- Marcello.....Largo et Allegretto

9.1.2 Criterios de avaliación e cualificación

Avaliaranse cunha representación do 10% sobre a nota final cada un destes aspectos:

- Avaliarase a postura do corpo no desenrolo da execución musical.
- Avaliarase a eficacia da técnica da respiración amosada.
- Avaliarase a calidade do son e a súa emisión.
- Avaliarase a calidade da articulación e do “legato”.
- Avaliarase a capacidade de afinar o instrumento con respecto ó piano e a capacidade de manter a afinación ó longo da interpretación.





- Avaliarase positivamente a presenza do vibrato controlado ó longo do desenrolo do discurso musical.
- Avaliarase a amplitude dinámica mostrada.
- Avaliarase a capacidade expresiva amosada.
- Avaliarase a coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
- Avaliarase a seguridade amosada durante o desenrolo da proba.

9.2 Probas de acceso a outros cursos

9.2.1 Contidos

Na proba de acceso interpretaranse de tres obras de diferentes estilos, unha delas de memoria (ou un movemento, se ten varios). Será obrigatorio levar as partituras orixinais ademais dun mínimo de dúas copias da parte de piano (se a obra leva acompañamento de piano) para o tribunal. Ademais tamén será obrigatorio que o alumno/a leve o seu propio pianista acompañante se as obras así o requiren.

Poden tomarse como obras orientativas para o acceso ós restantes cursos do grao profesional as obras listadas na programación correspondentes ó curso anterior ó que se pretende acceder.

9.2.2 Criterios de avaliación e cualificación

Avaliaranse cunha representación do 10% sobre a nota final cada un destes aspectos:

- Avaliarase a postura do corpo no desenrolo da execución musical.
- Avaliarase a eficacia da técnica da respiración amosada.
- Avaliarase a calidade do son e a súa emisión.
- Avaliarase a calidade da articulación e do “legato”.
- Avaliarase a capacidade de afina-lo instrumento con respecto ó piano e a capacidade de manter a afinación ó longo da interpretación.





- Avaliarase positivamente a presenza do vibrato controlado ó longo do desenrolo do discurso musical.
- Avaliarase a amplitude dinámica mostrada.
- Avaliarase a capacidade expresiva amosada.
- Avaliarase a coherencia na interpretación musical (interpretación sen pausas, con seguridade no discurso musical e dentro do estilo).
- Avaliarase a seguridade amosada durante o desenrolo da proba.

9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a *Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza*, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades, pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

